

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Isabel Novo Fariña, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á Proposición non de lei** do Grupo Parlamentario de En Marea **10/PNC-002708(33115)** sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun novo plan de salvamento nas praias e o incremento das partidas orzamentarias destinadas aos programas de socorrismo e salvamento en colaboración cos concellos, así como a reforma da normativa galega respecto da formación necesaria para exercer a profesión nas costas e praias

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a analizar con todas as entidades relacionadas con esta actividade (entidades locais, asociacións e federacións de salvamento e socorrismo do país e sociedade civil) a posibilidade de estudar e reformar, se así se condixerese necesario, a normativa existente en Galicia e manter a colaboración cos concellos, continuando a incrementar a dotación de material, para mellorar a prestación do servizo de socorrismo en praias, sen prexuízo de que se trata dunha competencia municipal

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/07/2019 17:56:29
Nº Rexistro: 52522
Data envío: 11/07/2019 17:56:29.388**

Pedro Puy Fraga na data 11/07/2019 17:54:10

María Isabel Novo Fariña na data 11/07/2019 17:54:49

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROFECeUms5D8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

